PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 11:20
Nº Rexistro: 22251
Data envio: 05/01/2018 11:20:16.675

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en Pleno, relativa ás sondaxes que realiza a empresa "Sociedad Cobre San Rafael, S.L." nos concellos de Touro e O Pino.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma Veciñal "Mina Touro-O Pino Non" fainos traslado destes asuntos que facemos nosos:

En relación ás sondaxes e prospeccións mineiras que realiza a empresa "Sociedad Cobre San Rafael, S.L." nos concellos de Touro e O Pino, constátase o seguinte:

1.- Ausencia dun estudo hidrolóxico e xeotécnico que permita identificar claramente as fontes, cauces, cursos de auga, etc., existentes na área de realización das labores mineiras. A falla destes estudos implica un risco inminente para os acuíferos subterráneos e a capa freática. Calquera alteración da capa freática produciría unha alteración dos cauces e dos mananciais próximos. Unha capa freática é unha acumulación de auga subterránea que se atopa a unha profundidade relativamente pequena baixo o nivel do chan. Concretamente é un acuífero, coa diferenza de que os acuíferos poden estar tamén a maiores profundidades. Como queira que os lugares onde se realizan as sondaxes en xeral están próximos a regatos, cauces e fontes, existe un risco probable e inminente de

alteración das augas empregadas para o subministro humano. De feito a empresa non identificou os mananciais que están a ser usados para abastecemento humano e gandeiro, polo que as probabilidades da súa afectación son bastante evidentes. Delas aliméntanse os pozos e as fontes de auga, potable ou non. Son os acuíferos máis expostos á contaminación proveniente da superficie. Para a maioría dos cultivos agrícolas e gandeiros a capa freática debe atoparse a certa profundidade, porque a profundidades menores o rendemento redúcese, polo que podería verse afectada a rendibilidade das terras agrícolas e gandeiras co conseguinte prexuízo para as cabanas gandeiras e explotacións agrícolas. Polo principio de precaución en materia medioambiental solicítase a suspensión temporal das sondaxes en tanto en canto non se dispoña dos correspondentes estudos que permitan garantir ás comunidades o abastecemento de auga.

2.- Ausencia de autorización de Augas de Galicia para o emprego de auga nas sondaxes que se están a realizar.

3.- Falla de seguridade na realización das sondaxes e ausencia dun perímetro de seguridade, o que implica a existencia dun risco inminente de calquera accidente.

4.- A falla dun estudo xeotécnico supón o risco de desprendemento de noiros.

5.- Ausencia de medidas correctoras de mitigación de desprendementos e accidentes.

6.-Falla de sinalización adecuada das labores mineiras.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2018 11:20
Nº Rexistro: 22251
Data envío: 05/01/2018 11:20:16.675

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Suspender cautelarmente as sondaxes mineiras que se están a realizar e demais labores en tanto en canto non se garanta a viabilidade dos acuíferos, pozos, cauces, fontes e demais recursos hídricos que abastecen á poboación, á cabana gandeira e ás explotacións agrícolas.

2.- Exixir a adecuada sinalización das labores mineiras, fixación de perímetros de seguridade, e o aseguramento dos noiros.

3.- Decretar a suspensión inmediata das labores mineiras mentres que a empresa non dispoña de autorización de Augas de Galicia para a realización de sondaxes mineiras, en tanto que esta actividade require de título específico habilitante ao efecto, e ausencia de autorización de verquido.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Francisco Casal Vidal na data 05/01/2018 11:17:16**

**Marcos Cal Ogando na data 05/01/2018 11:17:23**

**Antón Sánchez García na data 05/01/2018 11:17:32**

**Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 11:17:39**